

# Vémonos na biblioteca:

## BASES DO CONCURSO DE BIBLIOCLIPS DAS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS DA CORUÑA (Ed. 2010)

### 1. Presentación

---

As Bibliotecas Municipais da Coruña convocan o concurso de BIBLIOCLIPS para amosar o feito lector entre os cidadáns cunha visión diferente, persoal e lúdica das bibliotecas públicas.

O concurso consiste na realización dun Spot Publicitario dunha duración máxima de 35 segundos de visionado, inspirados na biblioteca e a lectura. A curta poderá estar ou non gravada nun espazo bibliotecario. En calquera caso, valorarase a orixinalidade e a capacidade de expresar calquera punto de vista relacionado co tema do concurso, así como as posibilidades de emisión dos traballos presentados.

### 2. Obxectivos

---

- Amosar e fomentar o uso e disfrute das bibliotecas públicas da cidade mediante producións audiovisuais de moi curta duración
- Incorporar algúns destes spots á paxina web das bibliotecas municipais da Coruña como recurso gráfico e tamén a calquera evento ou publicación do Concello da Coruña.

### 3. Participantes

---

Poderán participar neste concurso todas as persoas maiores de 18 anos.

### 4. Temática

---

As producións que solicitamos deben reflectir o mundo das Bibliotecas como punto de encontro e de partida para o uso e disfrute dos libros e da lectura en xeral.

As producións audiovisuais poderán ser espontáneas ou preparadas, de estudio ou exteriores, cor ou branco e negro; o importante é a singularidade e a imaxinación do autor e da historia representada.

O concurso de BIBLIOCLIPS proporciona un espazo de creación onde a única restrición é introducir o mundo dos libros, da lectura e da Biblioteca, con mirada propia, co voso estilo, e baixo as vosas motivacións.

### 5. Requisitos

---

-Cada participante pode presentar só unha produción que debe ser orixinal e exclusiva do autor, e non pode ter sido premiada nin publicada con anterioridade.

- Cada participante debe ser autor e propietario dos dereitos de autor da produción que presenta. Os participantes deberán responder ante as reclamacións de autoría que poidan formular terceiras persoas con respecto a isto.
- Todas as producións deben respectar o dereito á intimidade das persoas e á propia imaxe de acordo coa Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar, e á propia imaxe.
- Calquera produción que non reúna estas condicións ou non se axuste á temática establecida non será admitida no concurso.

## 6. Formatos admitidos

---

Admitiranse vídeos en formato .avi, .mpeg, .mp4, .wmv ou .mov

## 7. Inscripción e entrega das producións

---

-Os orixinais en soporte CD ou DVD enviaranse á seguinte dirección:

Concurso Spot Publicitario  
Servizo Municipal de Bibliotecas da Coruña  
Rúa Durán Loriga 10, 1º.  
15003 A Coruña

- Cada anuncio a concurso en DVD deberá presentarse en sobre pechado, en cuxo exterior figurará un pseudónimo.
- Xunto coas obras entregarase outro sobre no que aparecerá por fóra o mesmo pseudónimo elixido e dentro del os datos do autor ou autores: nome e apelidos, idade, documento de identidade ou pasaporte, domicilio, teléfono e correo electrónico a efectos de comunicacións.
- A identificación será descuberta unha vez o xurado emita o fallo.

## 8. Calendario

---

- Anuncio público: a partires do 2 de abril do 2010
- Prazo de envío das producións: Do 17 de maio ata o 01 de setembro.
- Neste periodo avaliaranse os vídeos para que cumplan os requisitos establecidos nestas bases e publicaránse (nos casos que sexa posible) no canle de *youtube* das bibliotecas municipais da Coruña.
- Publicación da persoa gañadora e dous finalistas: a partires do 1 de outubro do 2010
- Entrega de premios: 24 de outubro do 2010

O xurado resérvase a facultade de interpretar e resolver calquera circunstancia non prevista nas bases.

## 9. Xurado do concurso

---

Un xurado determinará as 3 producións finalistas: 1 gañadora o outras 2 finalistas. O devandito xurado estará formado por:

- Concelleira de Cultura do Concello da Coruña ou persoa na que delegue
- Unha directora das Bibliotecas Municipais da Coruña

-Un profesional da creación audiovisual

## 10. Premios

---

- O primeiro premio consistirá nunha cámara de vídeo
- Entregaranse dous premios aos finalistas consistentes nun reprodutor de mp4

## 11. Dereitos

---

- Os dereitos de comunicación pública, divulgación, reprodución e transformación das producións finalistas e gañadoras serán cedidos gratuitamente ao Concello da Coruña, que se reserva estes dereitos.
- Enténdese que esta cesión é de carácter exclusivo, para calquera país do mundo e durante un período de cinco anos, renovables de forma automática salvo petición expresa dos interesados, o autor ou autora renuncia a recibir unha remuneración polo uso da obra.
- Sempre que unha destas producións sexa empregada, mencionarse o nome do seu autor.
- O Concello velará polo bo estado e a conservación das obras, aínda que non se responsabiliza de calquera deterioro fortuíto alleo á súa vontade.

## 12. Aceptación

---

A participación no concurso implica a aceptación de todas e cada unha das bases do concurso, e da decisión do xurado.

## 13. Orde xurisdicional competente

---

A orde xurisdicional contenciosa administrativa é a competente para resolver as controversias que poidan xurdir, unha vez que se esgote a vía administrativa, con expresa submisión nos xulgados e tribunais da Coruña.